



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

**ACTA Nº 2018/1**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**CASA DO CONCELLO**  
**MÉRCORES 31 DE XANEIRO DE 2018**

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**ASISTENTES**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Ana Isabel Alonso Taboada  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

**AUSENTES**

Ninguén

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

1. Aprobación da acta anterior
2. Autorización á queixería “Bo Queixo” do escudo do Concello de Boqueixón
3. Nomeamento compoñentes da mesa de contratación
4. Aprobación orzamento 2018
5. Mocións do Grupo Popular, do Grupo Veciñ@s de Boqueixón, e moción de CCOO Santiago Barbanza.
6. Información da alcaldía
7. Rogos e preguntas.

## DELIBERACIÓNS

### 1.- Aprobación acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria realizada o día 15 de decembro de 2017.

### 2.- Autorización á queixería “ Bo Queixo”, do escudo do Concello de Boqueixón.

A queixería BO-QUEIXO solicita que se lle autorice incorporar a reprodución do escudo do Concello de Boqueixón para poder utilizalo como parte integrante da marca QUEIXERIA BO QUEIXO, aos efectos do seu rexistro .

A Lei 17/2001 de 7 de decembro de Marcas no seu artigo 5 apartado 1, i), establece que non poderán rexistrarse como marca, os signos que reproduzan ou imiten o ESCUDO, a bandeira, as condecoracións e outros emblemas de España, Comunidades autónomas, Municipios e Provincias, a menos que medie a debida autorización, polo que se propón ao pleno a súa autorización.

A continuación o sr. Canabal di que aínda que non van opoñerse frontalmente á utilización do escudo do concello por parte dunha empresa, si alertan que o seu emprego no rexistro de patentes, impedirá (ou polo menos dificultará) o seu posterior uso por parte doutras empresas. Pois rachamos o principio de igualdade.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Non vemos nada malo (segue dicindo o sr Canabal), senón ao contrario, que as empresas de Boqueixón empreguen o nome e insignias do noso Concello. Iso é positivo, posto que espalla o noso nome. Mais o de inscribir o escudo no rexistro de patentes e marcas, parécenos que pode ter o seu risco.

Instamos aos servizos xurídicos do Concello a que antes de facer a aprobación, informen das repercusións que esta cesión pode ter.

A secretaria interventora di que fará as consultas pertinentes polo que este punto queda sobre a mesa.

### **3.- Nomeamento compoñentes da mesa de contratación.**

Na sesión plenaria que tivo lugar o día 11 de xaneiro de 2017, nomeáronse os membros da mesa permanente de contratación, na que se incluían como vogais catro membros electos ademais da presidenta.

Con data 9/11/2017 saíu publicada no BOE a Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público que na disposición adicional segunda, apartado 7) establece que “os membros electos que no seu caso formen parte da mesa de contratación , non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma”.

Por este motivo e tendo en conta que a nova lei de contratos entra en vigor o próximo 8 de marzo deste ano e, que se deben nomear os novos membros da mesa de contratación e proceder coa súa publicación, propónse ao pleno o nomeamento dos membros da mesa de contratación.

A continuación o sr. Canabal di que a proposta que se trae ao pleno, supón de partida deixar sen representación neste órgano ao grupo de Veciñ@s. Deste xeito, o grupo popular queda con dous representantes e o grupo de Veciñ@s, perde o seu único representante. Parece que a reforma da lei estea feita para que non participemos neste órgano.

O noso grupo( segue dicindo) non está de acordo coa proposta. E non o dicimos só por quedar fóra.

Somos partidarios de que as mesas de contratación sexan órganos técnicos. É dicir, non votariamos en contra se todos os seus membros

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

foran técnicos municipais. Cremos que é cara onde debe encamiñarse esta cuestión.

O político debe decidir que facer (pedindo aos servizos técnicos que informe se se axusta á legalidade), dicir como o quere facer, e deben ser os técnicos os que asumindo estas premisas desenvolvan os traballos para que as cousas se fagan de acordo cos mandatos dos representantes do concello e atendendo ao corpo legislativo correspondente.

Mais de haber políticos nos órganos, o noso grupo pide a presenza deses, se vostedes queren e é posible, coa parte alícuota dos resultados electorais, pero esixe poder estar nestes órganos. Cremos que é necesario que todas as comisións que emanan deste plenario recollan a pluralidade política existente nel.

Ademais, á vista de como se desenvolveron as mesas de contratación ata o de agora, onde non houbo ningún voto discrepante, pensamos que tampouco perden maioría por deixarnos estar neste órgano, que soe tomar as súas decisións por unanimidade.

Finaliza o sr. Canabal propoñendo a inclusión dun vogal na mesa de contratación e cos votos a favor do grupo Veciñ@s e en contra do P.P, rexeitase esta proposta.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos integrantes do P.P e en contra de Veciñ@s acórdase:

Primeiro.- Nomear aos seguintes membros da mesa permanente de contratación:

**PRESIDENTA:**

Titular, Ana María Seijo Mosquera  
Suplente, Manuel Fernández Munín

**VOGAIS :**

Titular, Jesús Santasmarinas Devesa  
Suplente, Jesús Sanjuás Mera.  
Titular, Anselmo Caeiro Vilar  
Suplente, Pilar Pazos Santasmarinas

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Titular, Juan Manuel Corral Sánchez  
Suplente, Juan Freiría Brey

Titular, Elena Suárez Rodríguez ( secretaria interventora do concello)  
Suplente, a/o que no seu momento se designe entre habilitados  
nacionais.

#### SECRETARIA

Titular, Adela Lamela Arteaga  
Suplente, María Lourdes García Abeijón.

Segundo.- Comunicar este acordo ós designados e publicalo no BOP e  
na páxina web municipal.

#### **4.-Aprobación orzamento 2018.**

Dase conta do orzamento do ano 2018, que cos votos en contra do  
grupo municipal Veciñ@ e cos votos a favor do P.P foi informado  
favorablemente pola Comisión de Contas.

O sr. Alcalde di que o orzamento é o máis importante pero que a lei  
coa limitación do gasto sempre nos está limitando na prestación de  
servizos e execución de obras, polo que é mellorable. Di, así mesmo,  
que o que se vai gastar ou ingresar non vai coincidir co orzamentado.

A continuación o sr. Canabal di que comezan antes de nada por dar  
resposta á intervención do Alcalde.

- Se priorizar o nivel turístico, significa dotar dunha partida de  
15.000 € nos orzamentos, estamos a falar de cousas totalmente  
distintas.
- Sobre os traballos que se están a acometer cos temas da Rede  
de Transportes e de Internet, temos que dicir que isto non se  
reflicte nin por asomo nos orzamentos. Os investimentos  
seguen sendo unicamente transferencias de capital doutras  
administracións dedicados a piche e zahorra. E para que nos  
entendan, “non só de asfalto vive o home”.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste  
Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



En canto á nosa argumentación sobre os orzamentos presentados ( segue dicindo), este ano imos tentar ser especialmente sintéticos, se ben non rexeitamos unha réplica en función da defensa que destes se faga polo grupo de goberno.

Como xa dixemos o pasado mércores na Comisión de Contas:

- Botamos en falta reunións previas á Comisión de Contas para definir prioridades e elaborar liñas básicas.
- Recordamos ao equipo de Goberno que este orzamento chega tarde, posto que de seguro non entrará en vigor ata ben entrado o vindeiro mes de marzo.
- Recordamos tamén que o presente orzamento se presenta desequilibrado en ingresos, quizais que polo motivo de non entrar en desequilibrio orzamentario. Os ingresos superan aos gastos en 155.148,42 €.
- O orzamento é un 2,87% maior en gastos que o do exercicio pasado, e un 4,09% en ingresos.
- Recordamos tamén na Comisión que pese a que os orzamentos se incrementan, estes seguen sendo claramente inferiores aos de 2011.
- En canto aos capítulos vemos que os gastos de persoal se incrementan nun 6%, os gastos correntes nun 9,79% mentres diminúen os investimentos (19,50%) e tamén as transferencias correntes (-18,71%).

No capítulo de investimentos fixemos algunha apreciación:

- Os investimentos totais redúcense case nun 20% respecto aos de 2017.
- O Concello asume tan só 7.000 € de investimento directo (o resto vén doutras administracións), o que supón un 0,2% do orzamento total.

En canto ás principais cifras económicas destacamos:

- Inda que o aforro bruto é positivo, existe necesidade de financiamento, - 57.891,94 €.
- En canto á regra de gasto, insistir no seu carácter de absurdo. Para explicar isto puxemos o caso dun comercio calquera; aplicando a regra de gasto este non podería comprar mercancía e tería que pechar a mediados de ano se conseguira



incrementar as súas vendas respecto ao que vendeu no pasado ano. É dicir, non se permitiría o seu crecemento. No caso do Concello, isto non significa pechar, pero si pechar a billa, e todos entenden o que queremos dicir.

En canto aos ingresos, non podemos facer comparacións en relación ao exercicio 2017, posto que as previsións son moi deficitarias. Tampouco ten moito senso discutir as cifras de ingreso, posto que se as comparamos co realmente recadado no último exercicio pechado (o 2016), estas son:

- IBI Rústica: -23,90%
- IBI Urbana: -12,13%
- IBI características especiais: -20,52%
- Abastecemento: -30%
- Lixo: 11,54%
- Telefonía: -33,97%
- Transferencias correntes Xunta: -31,35%
- Xuros depósitos: -55,5%
- En Total, o orzamento de 2018 é un -14,83% sobre o realmente liquidado no 2016: 4,3 M € foi o liquidado en 2016 fronte a 3,5 M € proxectados no 2018.

Polo tanto e como primeira conclusión vemos que estes Orzamentos:

- Teñen un baixo nivel de investimento e mal orientado. Xa llo dixemos ao principio, non se prioriza o apoio aos sectores produtivos básicos, non se priorizan servizos esenciais como as TIC e o transporte metropolitano. Os recursos das transferencias de capital doutras administracións teñen como fin o piche e a zorra. Aparte tamén hai que dicir que a contía dos investimentos redúcese respecto a 2017 (o que son as previsións, porque se falamos do efectivamente executado, estamos sempre en cifras do 60% sobre o total orzamentado).
- Rexeitase elaborar unha estratexia integral de servizos que recolla aquelas necesidades existentes e dotar de servizos extras en proba que permitan asentar poboación no noso Concello. Na estratexia de servizos estamos pendentes



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

unicamente das liñas de subvencións correntes doutras administracións públicas.

- Nulo apoio as TIC. Inda que desprezen a súa importancia, este aspecto, xunto co transporte público, pode ser un dos eixos para asentar poboación no noso concello e permitiría tamén fomentar o emprendemento e a actividade empresarial existente. É este un factor limitante no noso Concello. E non será porque temos presentado iniciativas, rogos, preguntas en TODOS e cada un dos Plenos que celebramos neste mandato.
- Existe un nulo apoio ao emprendemento, que xunto co apoio aos sectores básicos, poderían reverter a perda de poboación.

Señores concelleiros do PP. Levamos tempo advertindo da perda de poboación do noso concello. E coído que a estratexia do grupo de veciñ@s foi clara e coherente nos últimos anos.

Levamos falando de transportes, do servizo de correos especificamente, de servizos sociais, de TIC's, de apoio ao emprendemento, de apoio aos sectores produtivos básicos... Todo isto como unha estratexia para poder rachar o círculo vicioso e perverso no que estamos metidos.

Nos últimos anos puidemos comprobar como o descenso poboacional tiña como efecto directo a perda de servizos no noso concello (como exemplo poñemos a desaparición da oficina bancaria de Camporrapado e o servizos de Correos. E esta perda de servizos, á súa vez repercute en novos descensos da poboación.

Levamos 8 anos perdendo poboación. E é traballo de todos poder reverter esta situación. E é nos orzamentos onde se deberían prantexar e ver con claridade as liñas básicas para poder reverter a situación. E non se ve. O único que se pode ver é unha estratexia de investimentos en piche e zahorras pola que cada vez pasa menos xente. Ata que se de o absurdo de arranxar vías, polas que xa non pase ninguén.

Queda pois perfectamente definido o noso voto en contra aos orzamentos e explicitado, en grandes rasgos, cales son os eixos que temos que priorizar.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

O sr. Alcalde ( *ó que ao principio da súa exposición inclúe a resposta o sr. Canabal* ) en canto ao baixo nivel de investimento e mal orientado, responde que o concello está priorizando o Turismo pero que existen vivendas baleiras das que os propietarios son remisos a arrendar. Trátase de casas que casi están en ruina porque os propietarios non as arrendan.

En canto ao transporte e internet, segue dicindo o alcalde, estamos tratando de que ambos melloren, e en canto aos servizos sociais o concello cada vez aporta máis diñeiro.

O Sr. Canabal di que non se pode priorizar o turismo cunha consignación de 15.000 euros na correspondente partida orzamentaria, ao que responde o alcalde que no Pico Sacro execútanse obras por importe de 400.000 € porque o concello solicitou unha axuda económica a Xunta de Galicia.

O Sr. Canabal di que a rede de transportes e internet levan anos solicitando que se faga algo e neste momento ambos servizos están en peores condicións que no ano 2005.

En canto ás vivendas baleiras (segue dicindo o sr. Canabal) négome a crer que a xente de Boqueixón sexa diferente á doutros concellos, o problema é a carencia de servizos non a xente. Di finalmente o sr. Canabal que se hai algunha achega en canto ao transporte o seu grupo apoia e que por isto debe existir algún acordo co Concello de Santiago de Compostela e colaboración cos concellos de Vedra e Touro.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do P.P e en conta de Veciñ@s acórdase:

1. Aprobar o orzamento xeral para o ano 2018 do que o seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

## Estado de Gastos 2018

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Capítulo	Denominación	Euros
----------	--------------	-------

#### A/ Operacións Correntes

1	Gastos de persoal	1.356.688,36
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.416.462,22
3	Gastos Financeiros	0,00
4	Transferencias Correntes	30.000,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	23.358,00
Total.....		2.826.508,58

#### B/ Operacións de Capital

6	Inversión reais	519.988,06
7	Transferencias de capital	
8	Activos Financeiros	3.000,00
9	Pasivos Financeiros	
Total.....		522.988,06

<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>	<b>3.349.496,64 €</b>
------------------------------------	-----------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

## Estado de Ingresos 2018

Capítulo	Denominación	Euros
----------	--------------	-------

### A/ Operacións Correntes

1	Impostos directos	870.000,00
2	Impostos indirectos	35.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros	425.000,00
4	Transferencias correntes	1.657.657,00
5	Ingresos patrimoniais	1.000,00
Total.....		2.988.657,00

### B/ Operacións de Capital

6	Alleamento de inversións reais	
7	Transferencias de capital	299.945,70
8	Activos financeiros	3.000,00
9	Pasivos financeiros	213.042,36
Total.....		515.988,06

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS	3.504.645,0 6€
------------------------------	-------------------

2. Aprobar as bases de execución do orzamento xeral ano 2018

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO PERSOAL 2018				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C. D	Situación
1	Secretaría - intervención	A-1	28	Propiedade
<b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>				
1	Administrativo	C-1	22	Vacante
4	Administrativos/as	C-1	22	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
<b>ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	26	Propiedade
1	Sicóloga	A-1	26	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	26	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Interinidade
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	22	Propiedade
1	Capataz de obras	AP	14	Propiedade
<b>LABORAL FIXO</b>				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade
1	Conserxe	AP		Propiedade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

1	Conductor recolledor do lixo	C-2	Propiedade
3	1 capataz de serv. e 2 oficiais servizos	C-2	Propiedade
2	Operarias de limpeza	AP	Propiedade
4	Operarios de servizos	AP	Vacantes
<b>LABORAL TEMPORAL</b>			
1	1 Operario e 2 brigadas incendios		
1	Operario abastecemento		
1	Dinamizador social		
1	Operario de limpeza		
1	Educadora Familiar		
1	Conserxe		
6	Traballadoras da Escola Infantil		
1	Xulgado de Paz		
1	Psicóloga CIM		
1	Técnico orientación laboral		
1	Auxiliar servizos sociais		
1	Axente desenvolvemento local		
1	Directora CIM		
2	Socorrista		
<b>PERSOAL DE GOBERNO</b>			
1	Alcalde		Dedicación exclusiva
1	Tenencia alcaldía		Dedicación exclusiva

## 5.- Mocións do P.P, de Veciñ@s e de CCOO Santiago-Barbanza

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Primeira.- moción presentada polo Grupo municipal Veciñ@s, sobre o servizo postal de Boqueixón:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: Boqueixón conta cun censo de 4.242 habitantes (INE 2017) distribuídos en aproximadamente 1.800 vivendas.

SEGUNDO: Na actualidade o Servizo de Correos conta con 3 efectivos (un a tempo parcial), para distribuír o correo postal do noso Concello, despois de que no ano 2014 se reducira nun efectivo.

TERCEIRO: A Lei 43/2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, define claramente no seu Título III o concepto, características, condicións e prazos de distribución e entrega dos servizos postais, incluídos neste Servizo Postal Universal.

O propio artigo 24, onde se regulan as condicións de distribución e entrega dos envíos postais establece que *“as entregas practícaranse, ao menos, todos os días laborables, de luns a venres, salvo no caso de concurrir circunstancias ou condicións xeográficas especiais, conforme ao previsto na lei e na súa normativa de desenvolvemento”*.

CUARTO: Na actualidade, e tendo en conta o número de vivendas así como o número de efectivos do servizo postal, estase a vulnerar a Lei 43/2010, polo que cómpre a restitución do efectivo de correos para poder asegurar este Servizo Postal Universal, coas características que a propia lei define e establece.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1) Que se comunique ao Servizo de Correos o incumprimento do Servizo Postal Universal no Concello de Boqueixón, ao fin de que

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

restitúan a praza do servizo postal que leva vacante dende o ano 2014.

2) Comunicar ao Servizo de Correos de Boqueixón a presente moción.

Sen máis procédese coa votación **e por unanimidade apróbase esta moción.**

Segunda.- moción presentada polo P.P para apoiar e defender a prisión permanente revisable:

Di o sr. Alcalde que o partido popular aprobou esta prisión permanente revisable no ano 2015 porque en España non existía unha resposta adecuada para estes casos tan graves e a poboación esixe respostas concretas e adecuadas. Agora ( segue dicindo o alcalde) non entendemos por qué se quere eliminar. Por isto, nos apoiamos que se manteña no código penal.

O sr. Canabal da TRES ARGUMENTOS PARA DEROGAR A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE e di que Segundo ía presentando o Alcalde ao Pleno a súa moción, ía acordándose dos versos do poeta Rianxeiro Manoel Antonio, aqueles que dicían:

*“Fomos ficando sós,  
o Mar, os barcos e máis nós”.*

E precisamente iso parece estar pasando. A soidade do PP (que en tempos de maioría absoluta non tiña importancia) posto que gustan de aplicar o rolete da maioría, en tempos de minoría, si ten consecuencia.

Vemos claramente( segue dicindo) as estratexias do Partido Popular perante as votacións que perde no Congreso dos Deputados.

1. Recorre ao veto orzamentario, cando a raíz dalgunha votación perdida pode botar man de que a medida ten efectos sobre os Orzamentos Xerais do Estado.
2. Recorre a outras administracións para que dea apoio ás súas teses políticas.

E recorrendo a Manoel Antonio, quedaron vostedes sos.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Din penalistas non sospeitosos de ser uns radicais que *“Canto máis informada do sistema penal está a poboación e menos falsas crenzas ten do mesmo, máis en contra está da cadea perpetua revisable impulsada polo goberno do Partido Popular e que se plantexou por motivos electoralistas”*.

Explicamos un pouco o noso razoamento ( segue dicindo o sr.Canabal).

A cadea perpetua entrou en vigor en España a principios de xullo do 2015. O goberno do Partido Popular introduciuna no ordenamento xurídico disfrazada de “prisión permanente revisable, a través da reforma do Código Penal. Esta medida foi recorrida no Tribunal Constitucional por case a totalidade dos partidos que por entón exercían a oposición ao goberno de Mariano Rajoy, denunciando que esta pena é contraria ao principio de reinserción e que, ademais, atenta contra a dignidade da persoa. As entidades de dereitos humanos, a maioría de catedráticos de dereito penal e o Consello Xeral da Abogacía Española, entre outros, manifestaron a súa máis férrea oposición. A pesar diso, non se abriu o máis mínimo debate social ou político sobre a introdución desta medida tan extrema. Iso si, pretende abrir esta espita, pero non para discutir o fondo da cuestión, senón simplemente, porque non dan defendido no Congreso a súa permanencia.

Podemos preguntarnos, por que é necesario derrogar a “prisión permanente revisable?

Imos dar tres argumentos, baseados en informes dalgúns penalistas, os que partillamos:

#### 1.- Vulnera os dereitos fundamentais recollidos na Constitución.

O artigo 25.2 da CE establece que “as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara a reeducación e reinserción social”, establecendo un principio orientador da política penal que impide a aceptación das penas que contradigan absolutamente o fin resocializador.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

A prisión permanente revisable, eufemismo da cadea perpétua, vulnera evidentemente a resocialización por moito que se prevea unha incerta revisión aos 25, 28, 30 ou 35 anos, segundo os casos. A indeterminación desta revisión non garante ningún horizonte de liberdade e xera unha grande inseguridade xurídica. Parece que volvemos con esta pena ás xa esquecidas sentenzas indeterminadas, contrarias aos principios fundamentais dun dereito penal liberal e garantista, e que tantos abusos produciron noutros sistemas penais. Ademais, a pena que introduce a reforma do Partido Popular é contraria ao principio de humanización das penas, recollido no artigo 15 da Constitución, que proscribe a imposición de sancións inútiles que teñan só un de castigo, así como a dignidade da persoa garantida no artigo 10 da CE.

2.- É unha pena innecesaria.

Inda que na actualidade esta figura se volveu a por nos medios, consideramos que por un caso puntual (O caso Diana Quer), segundo o CIS, a data de xullo de 2015 (cando entra en vigor esta figura), as preocupacións dos cidadáns nada tiñan que ver coas problemáticas xeralmente asociadas a esta medida (inseguridade cidadá, terrorismo, etc.). Segundo as enquisas do CIS, a xente está máis interesada en que se tomen medidas encamiñadas á redución do desemprego e a corrupción, así como á mellora do sistema educativo. Ademais, é necesario recordar que o Estado Español é un dos máis seguros da UE, e que a taxa media de asasinatos ou homicidios é do 0,69 por cada 100.000 habitantes, fronte á Europea que se sitúa en 0,92.

Porén, e a pesares disto, o lexislador xustificou entón a completa revisión e actualización do Código Penal nas supostas novas demandas sociais, dicindo literalmente que “os cidadáns demandaban unha pena proporcional ao feito cometido”. E se ben é certo que, ao ser preguntada directamente por esta pena, parte da cidadanía tradicionalmente aceptaba a súa implantación no ordenamento xurídico, a tendencia positiva ao “NON á Cadea Perpétua” aumentou considerablemente nos últimos anos.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

### 3.- Non ten lugar nun Estado Social e democrático de Dereito.

Esta reforma supón un retroceso complicado de asumir nun sistema penal propio dun Estado de Dereito. O concepto de xustiza, entendida como vinganza ou expresión dos sentimentos de odio e repulsa da sociedade, non é o concepto máis aceptable nun Estado destas características. O argumento da proporcionalidade non parece xustificar unha cadea perpetua, se non é dende unha visión propia da Lei do Talión (“ollo por ollo, dente por dente”) da xustiza, incompatible co Estado de Dereito.

Diversos expertos denunciaron a flagrante violación de dereitos que supón esta medida, e aconsellan campañas de sensibilización que proporcionen á poboación as ferramentas para ser conscientes de que a “prisión permanente revisable” é unha pedra no camiño cara o progreso dunha sociedade civilizada.

Por iso imos votar en contra da proposta que trae o PP e convidámoslos a que non empreguen as institucións como caixa de resoancia das súas teses políticas.

E finalmente instamos ao goberno de España a que asuma e cumpra os mandatos do poder lexislativo.

O sr. Alcalde di que segundo o Tribunal Europeo de dereitos humanos a pena revisable é lexítima, e a concelleira sra. Soutullo di que en Estados Unidos existe a cadea perpetua e segue habendo crimes moi graves. O concelleiro sr. Bermúdez di que as enquisas amosan que o 70% da poboación está a favor.

Sen máis, procédese coa votación e **cos votos en contra do grupo Veciñ@s e cos votos a favor do P.P, apróbase esta moción.**

Terceira.- moción presentada por CC.OO sobre o rexeitamento do proxecto da lei de orzamentos 2018 e proposta de esixir negociación cos axentes sociais e a FEGAMP E FEMP.

O sr. Canabal di que antes da discusión da moción, gustaríalles saber quen pode presentar mocións no pleno deste Concello. Porque temos

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

que recordar que Compromiso por Galicia ten presentado mocións no rexistro, e nunca viñeron a pleno, pese a que temos reclamado que as mocións se tiveran en conta aínda que non tiveran representación no Pleno.

Supoñemos entón que esta moción a asume o PP, o cal non deixa de ter a súa graza, e polo tanto pasamos a valorala. Dicar que o noso grupo está de acordo cos termos expresados na moción.

Esta moción ao non ser presentada por algún grupo municipal , no é aceptada polo que **non se procede co seu debate e votación.**

## 6.- Información alcaldía.

Dáse conta dos decretos habidos dende o 4 de novembro de 2017 ata o 26 de xaneiro de 2018.

Do cal se dan por enterados.

## 7. - Rogos e Preguntas

Primeiro.- Preguntas formuladas polo concelleiro Xabier Canabal:

### 1.- SOBRE A SITUACIÓN DO SANEAMENTO DO EDIFICIO LESTEDO.

Existe unha vella problemática co Saneamento do Edificio de Lestedo. Isto nos transmitiron os propietarios, e posto a que está entre o público o Presidente da Comunidade e máis un propietario, solicito do Alcalde que se deixe que interveñan no Pleno e que expliquen o problema e que tamén nos dean solucións para poder resolvelo.

(Interveñen os propios interesados os que explican a situación e dan xa as solucións para arranxar os problemas).

Como é un tema xa vello, instamos a que se comece dende xa a tomar as medidas para paliar este defecto.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Neste momento intervén un propietario interesado e di que no ano 2012 entregou ao concelleiro Sr. Sanjuás un informe topográfico no cal se indican as dúas posibilidades de executar as obras para arranxar o problema existente e solicita que se inclúa o proxecto de execución das referidas obras nalgún plan da Deputación.

O alcalde di que estudio técnico gallego xa elaborou un proxecto polo que algo si se ten feito e o sr. Canabal di que se economicamente é posible, deberíase facer. Responde o sr. Alcalde que se estudará para ver o que se pode facer.

## 2.- SOBRE A SITUACIÓN DUNHA PISTA MUNICIPAL EN LESTEDO.

Sobre este camiño o sr. Canabal amosa unha fotografía na cal se comproba con total claridade que está totalmente invadida pola maleza, polo que é necesario limpalo.

Responde o sr alcalde que se mirará e adoptarán as medidas que procedan.

## 3.- SOBRE O POSICIONAMENTO DO CONCELLO SOBRE A MINA DE TOURO - O PINO.

Visto que multitude de Concellos está tomando a iniciativa de oporse ao proxecto da Mina de Touro - O Pino, quixeramos saber se o Concello de Boqueixón vai seguir o camiño destes concellos para declararse en contra desta Mina.

O grupo Municipal de Veciñ@s esixe unha resposta clara, posto que de non tomarse este acordo, tentarán prantexar medidas alternativas.

Para o grupo Municipal válenos que se tome como exemplo o acordo do Concello de Vedra. E en canto ás fórmulas para tomar este acordo e publicitarse, válenos que sexa o Alcalde quen o faga a través dun decreto da Alcaldía.



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Responde o alcalde que o posicionamento debería ser, nin a favor nin en contra. O que se debe facer é esixir á Xunta de Galicia que extreme as medidas e que non se verta ao río.

O sr. Canabal di que lle gustaría unha resposta clara, porque o seu grupo si presionarían por outra vía.

O sr. Alcalde di que rexeitan o proxecto que presentou a empresa que é o que ten a xunta neste momento.

Finalmente acórdase que pola alcaldía se faga unha declaración institucional ao efecto.

#### 4.- SOBRE A PROBLEMÁTICA QUE ESTÁN A CREAR OS FURANCHOS NO NOSO CONCELLO E NO VECIÑO CONCELLO DE VEDRA E TOURO.

Actualmente certos hostaleiros do noso Concello están preocupados coa proliferación dos denominados Furanchos nos concellos de Vedra, Boqueixón e Touro. Estes locais, en certas ocasións actúan como Restaurantes, o que é competencia desleal cos establecementos de hostalaría do Concello.

Por iso que solicitamos que se transmita esta preocupación aos Alcaldes, e que se tenten tomar medidas para que os Furanchos cumpran coa súa regulación e non actúen como competencia desleal aos establecementos de hostalaría.

Responde o alcalde que os representantes da hostalería de Boqueixón, van remitir un escrito ao concello sobre os furanchos que hai en Vedra.

#### 5.- SOBRE A DISPONIBILIDADE DO LOCAL NO CONCELLO.

Tendo en conta que nos dixeron nos últimos plenos que teriamos local no Concello a partires deste ano, queriamos saber a ubicación do noso local.

(A pregunta queda sen resposta).

Segundo.- rogos e preguntas formuladas pola concelleira Maricarmen Soutullo:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Rogos:

#### 1.-SOBRE O ARRANXO DE BEIRARRÚAS.

Aproveitando que o Concello ten contratados dous peóns para realizar diversas obras, rogamos o arranxo de todas as beirarrúas do Concello.

#### 2.- SOBRE A LIMPEZA E SINALIZACIÓN DO CONCELLO.

Rogamos a limpeza, substitución ou retirada segundo corresponda dos sinais de tráfico, espellos, paneis informativos de obras unha vez que estas estén finalizadas.

#### 3.- SINAIS LOCALIZADORES DO TANATORIO MUNICIPAL E SERVIZO WEB DE ESQUELAS.

Rogamos que se coloquen os indicadores necesarios para a localización do Tanatorio Municipal. Os usuarios andan perdidos polas pistas.

Recollendo unha suxestión do Alcalde, tamén propomos que se habilite un espazo para as Esqueles dos Veciñ@s na web municipal.

Preguntas:

#### 4.- SOBRE A ORDENANZA DE SERVIZOS SOCIAIS.

Despois de quedar sobre a mesa a proposta de ordenanza de Servizos Sociais, e manter unha reunión coa Traballadora Social no pasado ano.

- Sabemos algo da Ordenanza?
- Cando se prevé aprobar.

Responde o alcalde que a Traballadora Social está traballando na súa elaboración e que lle preguntará cando estará rematada.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

## 5.- SOBRE AS VIVENDAS SOCIAIS.

Despois da iniciativa de Veciñ@s que foi aprobada por unanimidade, para poñer vivendas en uso Social.

- Estase a facer algo sobre o tema?
- Púxose en contacto o Concello co Arzobispado para restaurar e por en uso social rectorais que están abandonadas en diversas parroquias do Concello?

Responde o alcalde, que no ano 1998 o arzobispado cedeu a casa retoral de Lestedo ( actual centro de interpretación do Pico Sacro), por un período de 30 anos prorrogables.

O concello solicitou a prorroga da cesión co fin de executar obras a cargo do obradoiro de emprego posto que a orde esixe ter a cesión do inmovible por 25 anos e a cesión do centro interpretación finaliza no 2028, pero o arzobispado, cagora esixe que a partires de 2028 se abone unha renda mensual equivalente á metade do salario mínimo interprofesional. Polo que, de momento non hai nada acordado.

Terceiro.- rogos e preguntas formuladas polo concelleiro Perfecto Barcala:

Rogo:

### 1.- SOBRE O TEMA DE INTERNET.

Volvemos a insistir no tema de internet e as súas carencias nas distintas parroquias do Concello.

Temos entendido que se vai dotar de fibra óptica os polígonos industrias do Concello, polo que sería unha boa ocasión para pedir que ANTEGA, nos dera audiencia e poder expor a problemática que está a sufrir este concello.

Preguntas:

### 2- SOBRE A DEPURADORA DE LOUREDA.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

Nos últimos meses recibimos queixas de veciños sobre o funcionamento da depuradora de Loureda, que emite cheiros insoportables e non funciona, ao parecer, de forma correcta.

- Que pasa con esta depuradora? Cales son os problemas? Como se arranxarán?

Responde o alcalde que esa depuradora foi asumida por Espina Delfín o ano 2017 e que no concello non se presentaron queixas de ningún tipo

O concelleiro sr. Bermúdez di que de haber queixas deberían presentarse no concello

### 3.- SOBRE A SENTENZA DUN CAMIÑO EN LEDESMA.

Vimos no rexistro de Entrada que había xa sentenza sobre o contencioso do Camiño de Ledesma (o de Ramos e Cao).

- En que termos se resolveu a sentenza?
- É sentenza firme?
- En caso de que non sexa, recorreuse?
- Podemos obter unha copia desa sentenza?

Di a Secretaria interventora **que** a Sentencia é do 3 de novembro de 2017 e no seu FALLO indica que admite o recurso contencioso administrativo presentado por don José Blanco Cao e don Manuel Fernández Cao e declara non conforme a dereito o acto administrativo recorrido, isto é , o acordo da xunta de goberno do 18 de setembro de 2014 no cal se arquivou o expediente de reposición da legalidade iniciado contra don Jesús Ramos Fernández e dona Adelina Fernández Soto posto que á data do inicio do expediente de reposición tiña transcorrido o prazo de prescrición para a adquisición do dominio. **Que** non é firme e da prazo de 15 días hábiles para a interposición do recurso de apelación. **Que**, o concello non interpuxo recurso e **que** ( consultado co letrado da Deputación posto que no concello non consta nada) o/a señores Ramos Fernández e Fernández Soto solicitaron ao Xulgado ACLARACIÓN da sentenza, polo que se está á espera do que dite o xulgado.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/1  
Sesión Plenaria  
mércores 31 de xaneiro de 2018

#### 4.- SOBRE A POSIBILIDADE DE VARIACIÓN DA VÍA DA PRATA.

Nos últimos días chegounos a nova de que podía existir a proposta de variar a Vía da Prata ao seu paso por Lestedo e Sergude.

- Poden dicirnos se hai algún proxecto de cambio de trazado?

Ás 10:45 horas non hai máis asuntos que tratar e por orde da presidencia levántase a sesión, da que estendo a presente acta, da que eu secretaria interventora dou fe.

Boqueixón, martes 6 de febreiro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín